



**Cerdedo  
Cotobade**

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo-Cotobade presenta a seguinte Moción referida á “**MELLORAS DE SEGURIDADE VIARIA NA PO-233 e CARRIL-BICI DE BORA Á A LAMA**”.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O grupo do BNG de Cerdedo-Cotobade ven de analizar a **seguridade viaria** nunha das principais arterias de comunicación que atravesa a parte sur do Concello: **a estrada PO-233**. O resultado é unha vía que conta con boas prestacións de rodadura en xeral máis sí presenta outras **deficiencias** que teñen que ver coa situación de **perigosidade peonil existente nalgúns tramos** da vía ao seu paso polos lugares de **Vilanova, a Xesteira e as Lagoas**. O BNG considera que nestas travesías deben incorporarse **medidas que contribúan ao calmado do tráfico, beirarrúas e paso de peóns regulados por semáforos intelixentes**. Medidas que teñen como obxecto mellorar a seguridade da veciñanza que vive nas inmediacións da estrada da Xunta, especialmente nas travesías descritas.

Asemade, debemos engadir a necesidade de levar a cabo a **construcción dun carril-bici dende a rotonda de Ponte-Bora até o termo municipal da Lama** a fin de garantir a seguridade entre conductores e ciclistas ao longo do total da vías PO-233 e PO-234, pois, resulta ser un paso moi frecuente para un gran número de ciclistas que veñen a desfrutar do entorno natural do territorio de Cotobade. Entende o BNG que de se lograr incrementar a seguridade ciclista cun vial propio, ademáis de se garñar en seguridade viaria, resultará tamén un **activo co que atraer novos deportistas** ao termo municipal, **xerar consumo na hostelería local** e contribuír ao desenvolvemento do eido turístico municipal.

Para o BNG é importante actuar neste vial baseándose en criterios de seguridade veciñal, de humanización das travesías e do aproveitamento das infraestructuras como catalizadoras de riqueza económica.

Por todo o exposto, o **Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade** acorda **aprobar a seguinte Moción:**

1. Instar á Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Infraestructura e Mobilidade da Xunta de Galiza a construír un carril-bici dende Ponte-Bora ata o Concello da Lama (PO-233/PO-234) e mellorar a seguridade viaria da PO-233 ao seu paso polos lugares de Vilanova, a Xesteira e as Lagoas dotando as súas travesías con medidas que redunden no calmado do tráfico, de beirarrúas que favorezan a mobilidade e pasos de peóns regulados por semáforos intelixentes.

**Ernesto Filgueira Touriño**

35283664P

A 9 de xaneiro de 2020